

NORMAS DE PUBLICACION DE ACTIVIDADES

Esta norma interna de publicación e coordinación de actividades, ten como obxectivo garantir que a Xunta Directiva do club teña a máxima información posible das actividades que no seo do club se organizan polas diferentes seccións e a normalización da información das actividades que se lle proporciona a os socios co fin de que estes se poidan achegar a realidade da mesma.

1.- Serán consideradas actividades do Club Alpino Ourenseño aquelas publicadas na sección de actividades da web do club(www.clubalpinoourensan.es/actividades), non considerándose actividades organizadas polo Club Alpino Ourenseño, ningunha outra publicada por outros medios ou en outras zonas da páxina web do club.

2.- As actividades deportivas organizadas polo Club Alpino Ourenseño, agás os cursos, xornadas e outras actividades de carácter social, poderán ser consideradas Actividades coordinadas

Quedadas

Ás Actividades coordinadas contarán con un coordinador que será o encargado de xestionar a actividade e os seus detalles. Conlevarán unha proposta e a posterior execución e participación na mesma.

Ás Quedadas, tan só contemplan unha proposta, sen que conleve ningunha outra organización a maiores nin exista un coordinador visible.

3.- En todas as Actividades coordinadas, no momento de propoñelas indicárase un coordinador, que será a persoa coa que se xestione e coordine a actividade dende o Club.

4.- O presidente nomeará e revogará a un Coordinador de actividades de club, que terá entre ás súas funcións:

- Coordinar e realizar o calendario trimestral de actividades.
- Propoñer a Xunta Directiva a aprobación dunha actividade por considerala que non é obxecto de organización pola entidade.
- Realizar a publicación das actividades e da descrición das mesmas na web.
- Coordinar a actividade xunto ao organizador da mesma.

5.- O Calendario de actividades trimestral publicarase 15 días antes do comezo do trimestre seguinte, indicando para cada actividade a información básica, que constará de Nome, data e sección a que pertence.

6.-As actividades que non fosen publicadas no calendario trimestral ou aquelas nas que a data de realización estivese publicada como pendente, haberá de publicarase a información básica, como mínimo 15 días antes do comezo da actividade e 12 días antes da data límite para apuntarse.

7.- De todas as actividades coordinadas publicarase unha descrición xeral da mesma polo menos 12 días antes da actividade e 9 días antes da data límite para apuntarse. A descrición xeral da actividade realizarase indicando como mínimo o contido indicado nos anexos e conforme a un modelo establecido polo coordinador de actividades do club. Das actividades que non consten nos Anexos, publicarase como mínimo unha información coherente co alí expresado.

Das actividades sociais, cursos, xornadas, certames, e outras actividades non incluídas no Punto 2 o Coordinador de actividades do club publicará unha información suficiente para informar en detalle do contido da actividade

8.- As actividades que dentro das datas anteriormente mencionadas non cumprisen cos requisitos de publicación poderán ser canceladas por decisión do Presidente e do coordinador de actividades conxuntamente comunicándollo ao coordinador da actividade.

O coordinador dunha actividade que incumpra o anterior, deberá para a seguinte actividade enviar a información xeral da actividade, previamente a publicación da mesma.

9.- As Actividades coordinadas e as Quedadas serán sempre de participación gratuíta, salvo que pola súa magnitude non poidan ser gratuitas, estas últimas deberán ser aprobadas previo a súa publicación conxuntamente polo coordinador de actividades do Club e a Tesoureira do club.

Os cursos que poida organizar o Club Alpino Ourenseño deberán de ser aprobados conxuntamente polo Presidente, a tesoureira e o Coordinador de actividades do club, previa presentación por parte do organizador do curso, dun presuposto do mesmo e unha breve memoria dos contidos do mesmo.

10.- O correo da secretaría do Club, por teléfono en horario de club ou presencialmente no local do club son os únicos medios polo que os socios se poden apuntar ás actividades non considerando válidas outras opcións.

ANEXO I

Información a publicar nas actividades de montaña , sendeirismo e similares

Nome da actividade

Lugar onde se realiza

Data

Pequena descrición/comentario do percorrido (tentarase axuntar mapa/wikilox, track, etc.)

Información técnica

- Lonxitude e horario
- Existencia de camiños/pasos de escalada/rapeles/trepadas/vexetación, etc.
- Mide

Información práctica

- Comida
- Lugares onde se realizará a pernocta.
- Posibilidade de encontrar auga

Material recomendado

Requisitos mínimos para participar

Data limite inscrición

Medios de transporte

Para actividades que consten de actividades distintas, deberase publicar o información mide e a información práctica e técnica para cada actividade.

Información a publicar nas quedadas de escalada, alpinismo, descenso de canóns e espeleoloxía

Nome da actividade

Lugar onde se realiza

Data

Escola de escalada, macizo ou zona na que se realiza

Lugar onde se realiza a pernocta

Medios de transporte

Indicarase que non é unha actividade organizada e é responsabilidade do participante a súa execución

Información a publicar nas actividades de Espeleoloxía

Nome da actividade

Lugar onde se realiza

Data

Pequena descrición/comentario do percorrido (tentarase axuntar mapa, track, reseña etc.)

Información da aproximación

- Lonxitude
- Existencia de camiños/pasos de escalada/rapeles/trepadas/vexetación, etc.

Cavidade

- Dificultade da cavidade
- Lonxitude e desenvolvemento vertical estimado
- Horario aproximado

Requisitos para participar na actividade

Data límite inscrición

Lugar onde se realiza a pernocta

Medios de transporte

Para actividades que consten de actividades distintas, deberase publicar o información mude e a información da cavidade para cada actividade.

Información a publicar nas actividades de Barranquismo

Nome da actividade

Lugar onde se realiza

Data

Pequena descrición/comentario do percorrido (tentarase axuntar mapa, track, reseña etc.)

Aproximación

- Lonxitude
- Existencia de camiños/pasos de escalada/rapeles/trepadas/vexetación, etc.

Barranco

- Dificultade do barranco
- Lonxitude e desnivel
- Horario aproximado

Requisitos para participar

Material preciso

Lugar onde se realiza a pernocta

Data limite inscrición

Medios de transporte

Para actividades que consten de actividades distintas, deberase publicar o información mide e a información do barranco para cada actividade.